

de o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Coruña, 23 de decembro de 2008.

José Luis Barcia Picos  
Delegado provincial da Coruña

#### ANEXO

Expediente: 15R002/22/08.

Interesado: Luis Lorenzo Cedeira.

CIF: 32751245-G.

Acto notificado: proposta de resolución.

### UNIVERSIDADE DE VIGO

*Resolución do 12 de febreiro de 2009 pola que se anuncia procedemento aberto, mediante tramitación ordinaria, para a adxudicación da obra que se indica.*

#### 1. Entidade adxudicadora:

-Organismo: Universidade de Vigo.

-Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Xestión Económica e Contratación.

-Nº de expedientes: 400/09.

#### 2. Obxecto do contrato:

-Descrición do obxecto: construción do campo de fútbol-rugby e pistas de atletismo no Campus de Ourense. Categoría (CNPA-1996): 45.21.15-45.211.  
b) Prazo de execución: 9 meses. c) Lugar de execución: Campus de Ourense.

#### 3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

-Tramitación: ordinaria.

-Procedemento: aberto.

4. Orzamento: 1.569.958,11 €, IVE que soportarán 251.193,30 €.

5. Garantías: provisional: non se exige; definitiva: 5% do importe de adxudicación sen IVE.

#### 6. Obtención de documentación e información:

-Entidade: Universidade de Vigo. Servizo de Xestión Económica e Contratación.

-Enderezo: edificio de xerencia-servizos centrais, 2º andar, Campus As Lagoas-Marcosende.

-Localidade e código postal: Vigo 36310.

-Teléfono: 986 81 35 56.

-Telefax: 986 81 38 57.

-Data límite de obtención de documentos e información: o día de remate do prazo de presentación de ofertas.

#### 7. Requisitos específicos do contratista:

Clasificación exigible:

Grup: C.

Subgrupo: 6.

Categoría: E.

#### 8. Presentación das ofertas:

-Data límite de presentación: o vixésimo sexto día natural seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Se fose inhábil ou sábado, remataría o seguinte día hábil.

-Documentación que deben presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Lugar de presentación: 1º entidade: rexistro xeral da Universidade de Vigo. 2º enderezo: edificio de xerencia-servizos centrais, Campus As Lagoas-Marcosende. Localidade e código postal: Vigo 36310.

-Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres meses.

-Admisión de variantes: non se admiten.

#### 9. Apertura de ofertas:

-Entidade: sala de xuntas do edificio de xerencia-servizos centrais da Universidade de Vigo.

-Domicilio: Campus As Lagoas-Marcosende.

-Localidade: Vigo.

-Data: o décimo día natural seguinte ao de remate do prazo de presentación de ofertas.

-Hora: 13:00 horas.

10. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario.

11. Páxina web onde se poden obter o prego e demais información do expediente: <http://www.uvigo.es/servicios/contratación/>

Vigo, 12 de febreiro de 2009.

Alberto Gago Rodríguez  
Reitor da Universidade de Vigo

### b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### CONCELLO DE BECERREÁ

*Anuncio.*

Modificación da base 3ª das aprobadas para a selección de persoal laboral fixo para un posto de traballo de director/a do Centro de Servizos Sociais do concello de Becerreá (BOP nº 278, do 2 de decembro).

Por decreto da Alcaldía do 26 de xaneiro de 2009 resolveuse:

Primeiro.-Estimar o recurso de reposición promovido por María José Fernández Barreiro, presidenta do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, contra a Resolución da Alcaldía do 20 de novembro de 2008, de convocatoria e aprobación das bases para a selección de persoal laboral fixo para un posto de traballo de director/a do Centro de Servizos Sociais do concello de Becerreá, resolven-do a nova redacción da alínea e) da base terceira das aprobadas por Resolución da Alcaldía do 20 de novembro de 2008, nos seguintes termos: e) Posuír a titulación de diplomado/a universitario/a en traballo social, asistente social, educación social, maxisterio ou equivalente, entendéndose incluídos os habilitados polo CESG, nos termos da Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, como profesionais que, por atopárense nalgún dos supostos previstos na disposición transitoria segunda da citada lei, e logo da antedita habilitación, teñan dereito a exercer como educadores sociais, achegando a correspondente certificación expedida polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Segundo.-Notificar esta resolución ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e publicar a modificación acordada no BOP de Lugo con carácter previo á publicación dos extractos da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e no BOE.

Becerreá, 26 de xaneiro de 2009.

Manuel Martínez Núñez  
Alcalde

## CONCELLO DE BOIRO

*Resolución do 19 de xaneiro de 2009 referente á convocatoria para prover dúas prazas.*

De conformidade co establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, faise pública a convocatoria para a provisión das dúas prazas que máis adiante se din, de carácter fixo, pertencentes ao cadro de persoal funcionario, que a continuación se describen:

Dúas prazas de policía local (grupo C-1; clasificación: Administración especial; subescala: servizos especiais; número de vacantes: 2; denominación: policía local).

As bases que rexen esta convocatoria son:

As bases específicas do Concello de Boiro (A Coruña) publicadas no BOP da Coruña nº 13, do 17 de xaneiro de 2009, así como a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a

Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 243/2008 polo que se desenvolve a Lei 4/2007 e o Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración local e o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e a provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Boiro, 19 de xaneiro de 2009.

Xosé Deira Triñanes  
Alcalde

## CONCELLO DE BRIÓN

*Edicto sobre o Plan de sectorización de SRAU de Quintáns.*

Sométese a información pública (artigo 86 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia) o Plan de sectorización de SRAU de Quintáns (parroquia de Brión), por instancia dos irmáns Piñeiro Díaz e dos irmáns Caramés Vázquez.

Durante un período dun (1) mes, contado desde a derradeira publicación deste edicto, o expediente estará á disposición das persoas interesadas no departamento de Urbanismo deste concello, para que poidan examinalo e alegar o que consideren oportuno.

Brión, 26 de xaneiro de 2009.

José Luis García García  
Alcalde

## CONCELLO DE CHANTADA

*Anuncio.*

Ana Saa Figueiras solicitou licenza deste concello para o acondicionamento de local para perrucaría, na avda. de Portomarín, nº 4 entrecán de Chantada, nesta vila e municipio, ao abeiro do establecido no número 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Sométese o expediente incoado a información pública polo período de vinte días no *Diario Oficial de Galicia*, no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios deste concello, sito na praza de España nº 1 de Chantada (Lugo), período que comezará a